



Concello de Ortigueira

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Exp. núm: 771/2024

Asunto: Aprobación expediente de contratación

Procedemento: Concesión dos servizos de hostalaría e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta para as edicións dos anos 2024, 2025, 2026, 2027.

Antecedentes

1º.- O Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, declarado de interese turístico internacional polo Ministerio de Industria no ano 2005, é o mais importante en España nesta especialidade, e é o motor impulsor da economía e do coñecemento de Ortigueira por todo o mundo.

O Concello de Ortigueira ten o interese e seguir promovendo o Festival Internacional do Mundo Celta.

O obxectivo e finalidade última deste evento é promover a música celta e a relación intercultural entre músicos e artistas de diferentes nacións, o desenvolvemento económico da comarca e a potenciación de Ortigueira como destino diferente.

Para o adecuado desenvolvemento do Festival, resulta imprescindible a prestación de servizos complementarios de restauración e hostalaría para atender á demanda do público asistente, participantes e seguidores.

As prestacións deste contrato deben desenvolverse por empresas especializadas, ao carecer esta administración dos medios humanos e dos recursos técnicos suficientes e adecuados para iso.

Estimase que é necesario facer unha serie de investimentos en materiais por parte dos concesionarios destinados a unha xestión de cobros eficaz e de un sistema de vasos reciclables que axuden a reducir os refugallos que se produzan e establecer como requisito fundamental a redución do vidro en todos os postos

2º.- Consecuentemente, por providencia da Alcaldía de data 15.05.2024 dispúxose iniciar o expediente de contratación da concesión dos servizos de hostalaría e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta cunha duración inicial de dúas edicións do Festival 2024 e 2025, mais a posibilidade de prorroga de unha edición mais (2026) e outra prorroga doutra edición mais (2027), a redacción dos pregos e demais documentación preparatoria, así como a emisión dos informes preceptivos.

3º.- Consta n no expediente electrónico os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da necesidade do contrato suscrita polo funcionario coordinador do Festival Internacional do Mundo Celta (Cod. Validación: 9MJDCWNGNPGTAGXTHYHRNWYT)
- Memoria da viabilidade económico-financeira da concesión de servizos suscrita polo funcionario coordinador do Festival Internacional do Mundo Celta (Cod. Validación: 6DT63R6GSQA5X5MGHCGYM3M3Q)
- Prego de prescricións técnicas suscrito polo funcionario coordinador do Festival Internacional do Mundo Celta (Cod. Validación: 9GDREQSAFK5NK742EG6QAFZWP)
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo titular da Alcaldía (Cod. Validación: 4PXRRJEPSNPN2NTKLQGW5D7G)
- Cadro resumo do prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo titular da



Concello de Ortigueira

Alcaldía (Cod. Validación: 9RGHF5YPGEY29X5ZRQXMD29MH)

- Informe xurídico núm. 2024-0023 de data 16.05.2024 emitido polo secretario municipal

4º.- Consta nota interna na aplicación de xestión documental da interventora municipal, de data 21.05.2024, na que se informa de que non resulta preceptivo informe de fiscalización, por non implicar o contrato a aprobación de gastos para a Administración.

Lexislación aplicable:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)
- Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROF)

Consideracións legais e técnicas

1ª.- Segundo se indica na memoria xustificativa do contrato, para o adecuado desenvolvemento do Festival, resulta imprescindible a prestación de servizos complementarios de restauración e hostalaría para atender á demanda do público asistente, participantes e seguidores. As prestacións deste contrato deben desenvolverse por empresas especializadas, ao carecer esta administración dos medios humanos e dos recursos técnicos suficientes e adecuados para iso.

Tendo en conta a natureza das prestacións (servizos de hostalaría complementarios ao Festival) considérase idónea a modalidade de contratación prevista no artigo 15 da LCSP (contrato de concesión de servizos), mediante a transferencia do risco operacional á empresa adxudicataria. Este risco asumido pola empresa concesionaria constitúe un incentivo fundamental para que trate de poñer todos os medios ao seu alcance co obxecto de obter a maior afluencia posible de usuarios e facer rendible a explotación para obter unha boa xestión que redunde na calidade do servizo ofrecido.

2ª.- Consonte ao artigo 284.2 e 285.2 da LCSP, no contrato de concesión de servizos a tramitación do expediente irá precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos ou no seu caso, dun estudo de viabilidade económico-financeira, que terán carácter vinculante nos supostos en que conclúan na inviabilidade do proxecto (art. 285.2). Para estes efectos, acreditouse no expediente, mediante unha memoria de viabilidade económico-financeira a viabilidade económica do servizo, nos termos propostos.

3ª.- En canto ao procedemento de adxudicación, optase polo procedemento aberto (ordinario) e tramitación urxente.

A tramitación urxente esta debidamente xustificada na memoria preparatoria do contrato por resultar necesario acelerar a adxudicación do contrato dada a proximidade das datas de celebración do festival, e a necesidade de contar cos servizos complementarios de hostalaría e restauración debidamente contratados co suficiente tempo de antelación de cara a garantir a correcta organización do festival. Non resultou posible realizar a tramitación do expediente con maior antelación dada a acumulación de



Concello de Ortigueira

tarefas existente e escaseza de persoal municipal nos departamentos de coordinación do Festival, Contratación e Intervención.

4ª.- O obxecto do contrato divídese en 3 lotes diferenciados, consonte a regra xeral do artigo 99.3 da LCSP. O orzamento base de execución ascende a 0€ (por non implicar un gasto para a Administración) e o valor estimado do contrato, tendo en conta duración total do mesmo (duas edicións iniciais -2024 e 2025-, e dúas prorrogas edicións 2026 e 2027) fíxase nun total de 485.952,36€

5ª.- Como criterios de adxudicación establececen:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	90
	MELLORAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO	10

6ª.- De conformidade co disposto na disposición Adicional Segunda da LCSP, corresponden á Alcaldía as competencias como órgano de contratación para este contrato.

Polo exposto, unha vez incorporada ao expediente a documentación preceptiva, e de conformidade co establecido no artigo 117 e da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

RESOLVO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación da concesión dos servizos de hostalaría e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta con unha duración inicial de dúas edicións do Festival 2024 e 2025, mais a posibilidade de prorroga de unha edición mais (2026) e outra prorroga doutra edición mais (2027) cun orzamento base de licitación de cero euros (o contrato non implica gasto para a Administración) e cun valor estimado de 485.952,36 €.

2º.- Aprobar a documentación que integra o citado expediente de contratación, enumerada nos antecedentes.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación, que será o aberto, tramitación urxente, con aplicación de criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas (prezo e melloras).

4º.- Publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

5º. Publicar no perfil de contratante o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas e a restante documentación necesaria para a presentación das ofertas; así como o informe de necesidade da contratación, e demais documentación prevista na normativa de contratación do Sector Público.

Ortigueira, na data que figura na marxe
José Valentín Calvín Fondevila
Alcalde
Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16





Concello de Ortigueira

de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

O Secretario
Javier Lopez Mera
Documento asinado dixitalmente

